



BOP

MÉRCORES, 7 DE FEBREIRO DE 2024

N.º 032

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA - 18 DE FEBREIRO DE 2024

XUNTA ELECTORAL DA PROVINCIA DE LUGO

Anuncio

Don AGUSTÍN ARTIME VELARDE, Secretario de la Junta Electoral Provincial de LUGO,

CERTIFICO: Que la Junta Provincial de Lugo ha acordado en reunión celebrada el día 2 de febrero de 2024 la remisión de las designaciones de vocales no judiciales de las Juntas Electorales de Zona de Lugo para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia:

Junta Electoral de Zona de Lugo:

D. José Luis Alberto Fariños Río

D. Xermán Souto García

Junta Electoral de Zona de A Fonsagrada:

D^a. Soledad Sierra Villaverde

D. José Manuel Álvarez Álvarez

Junta Electoral de Zona de Chantada:

D. Miguel Carnero Fernández

D. Cecilia Diéguez Fociños

Junta Electoral de Zona de Mondoñedo:

Fernando Julián Fernández Lebrede

D. Alfonso Fernández González-Seco

Junta Electoral de Zona de Monforte:

D. José Manuel Puga Gómez

D^a. María Belén Prieto Robisco

Junta Electoral de Zona de Vilalba:

D. Julio Rego Mouriño

D. Miguel Vieito Villar

Se expide esta certificación para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

Lugo, 2 de febrero de 2024.- Secretario de la Junta Electoral Provincial de Lugo, Sr. D. Agustín Artime Velarde.

R. 0318

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 1 de febreiro de 2024, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de decembro de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en

establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 6º bimestre de 2023 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de febreiro ao 15 de abril de 2024. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 1 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0319

COSPEITO

Anuncio

ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVO DO ACORDO PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE COSPEITO

1º Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbáns do concello de Cospeito, adoptado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 1 de decembro de 2023, e non sendo presentada, dentro do mesmo, reclamación algunha, elévase a definitivo dito Acordo de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2º o Acordo de modificación da referida Ordenanza que se recolle no texto anexo publicarase no Boletín oficial da Provincia, e entrará en vigor de acordo co establecido na súa disposición final.

3º de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Provincia de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste acordo e do texto integrado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o concello de Cospeito establece a taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos no termo municipal de Cospeito, e o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento.

Considéranse incluídos no servizo obxecto de gravame a recollida de mobles, aparello ou trastos inútiles e calquera outro produto ou material no caso en que se solicite a prestación dos servizos municipais.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos.

ARTIGO 3º CARÁCTER OBRIGATORIO DO SERVIZO

O servizo de recollida domiciliaria de lixo e de uso e recepción obrigatoria para ocupantes de vivendas ou locais situados nun radio de acción de 200 metros do itinerario habitual dos vehículos do servizo.

ARTIGO 4º.- OBRIGA DE CONTRIBUIR

A obriga de contribuír nace dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento.

ARTIGO 5º. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local, ben sexa a título de propietario, de arrendatario, precario ou calquera outro dereito.

Tamén terán a consideración de suxeito pasivo os propietarios de vivendas ou locais desocupados, xa que a non utilización do servizo non invalida a obrigatoriedade da prestación municipal e de recepción por tales propietarios.

Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios dos mesmos, beneficiarios do servizo.

No caso de establecementos comerciais, presumirase que é suxeito pasivo, a persoa a nome da cal figure a comunicación previa, a declaración de conformidade ou licenza de apertura e os restante tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

ARTIGO 6º. RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refire o artigo 42 da lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2.. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas xurídicas ás que se refire o artigo 43 da lei 58/2003 Xeral Tributaria

ARTIGO 7º COTAS TRIBUTARIAS

A Cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes tarifas trimestrais:

- 1.-Vivendas, garaxes privados e locais sen actividade: 15,89 euros
- 2- Hoteis, moteis, hoteis-apartamento de 5 e 4 estrelas: 11,62euros por habitación.
- 3- Hoteis, moteis, hoteis-apartamento de 3 e 2 estrelas: 8,73 euros por habitación.
- 4- Pensións e casas de hospedaxe: 6,5euros por habitación.
- 5- Establecementos de restauración, restaurantes, whiskerías, e pubs: 43,73 euros.
- 6- Tabernas, bares e cafeterías: 36,42 euros.
- 7- Establecementos de espectáculos, cines, teatros, salas de festa, discotecas, salas de bingo: 51,09 euros.
- 8- Establecementos de alimentación, supermercados, economatos, cooperativas, almacéns ao por maior de froitas, verduras, hortalizas, pescaderías, carnicerías e similares: 48,59 euros.
- 9- Outros locais industriais ou mercantes, centros oficiais, oficinas bancarias, grandes almacéns e demais establecementos non especialmente tarifados: 54,77 euros.
10. Despachos profesionais: 29,85 euros.

No caso en que se desenvolva nun mesmo local máis de unha actividade, tributarase pola tarefa mais elevada.

As tarefas mencionadas aplicaranse ás zonas urbanas. Teñen a consideración de zonas urbanas os núcleos poboacionais de Feira do Monte e Muimenta.

As restante zonas terán, aos efectos da presente ordenanza, a consideración de rústicas e aplicaráselle, xa que a periodicidade da recollida resulta inferior, unha redución do 20% na contía resultante de aplicar a tarefa trimestral.

ARTIGO 8º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O período impositivo coincidirá co trimestre natural, e a él referiranse as cotas sinaladas no artigo 7 da presente ordenanza.

A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo

ARTIGO 9º COBRANZA

A cobranza realizarase en recibo conxunto coa taxa de rede de sumidoiro e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

ARTIGO 10º. ALTAS, BAIAS E DECLARACIÓNS**A)ALTAS**

Trimestralmente formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cotas respectivas que se liquiden, que a tódolos efectos terán a consideración de liquidacións definitivas .Dito padrón, aprobado polo órgano competente, e que será conxunto cas cotas liquidadas de abastecemento de auga e sumidoiros, exporase ao público simultaneamente co anuncio do inicio do período de cobro en voluntaria, dentro dos prazos fixados polo calendario fiscal aprobado anualmente, constituíndo a tódolos efectos a notificación colectiva. Todo elo sen prexuízo das reclamacións que sobre as liquidacións aprobadas podan presentar os interesados en calquera momento do procedemento recadatorio ao abeiro do establecido nos artigos 32 e220 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no artigo 14 do RD 2/2004, de5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

B) MODIFICACIÓNS

Os suxeitos pasivos e , no seu caso, o substituto do contribuínte, estarán obrigados a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa. Esta declaración deberá realizarse antes de que finalice o trimestre natural de facturación.

Si se solicita a modificación por cambio do suxeito pasivo ou do uso, deberán aportarse os documentos que xustifiquen tal modificación, a fin de que no expediente obren os datos oportunos.

C) BAIAS

Si se solicita a baixa deberá acompañarse documentación acreditativa de que o inmovible foi declarado en estado ruinoso ou o título de transmisión do inmovible, salvo que, neste último caso, se solicite a modificación do suxeito pasivo. Fora dos supostos sinalados non se admitirá baixa algunha.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á determinación das sancións que resulten procedentes en cada caso estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria 58/2003.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do servizo municipal de recollida domiciliaria de residuos Sólidos urbanos do Concello de Cospeito publicada no BOP número 300, de 31 de decembro de 2015.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno de Cospeito, entrará en vigor o primeiro día natural do trimestre seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Derroga a anterior e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cospeito, 31 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 0320

*Anuncio***ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVO DO ACORDO PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO DO CONCELLO DE COSPEITO**

1º Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio do concello de Cospeito , adoptado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 1 de decembro de 2023,e non sendo presentada, dentro do mesmo, reclamación algunha, elévase a definitivo dito Acordo de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004,do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2º o Acordo de modificación da referida Ordenanza que se recolle no texto anexo publicarase no Boletín oficial da Provincia, e entrará en vigor de acordo co establecido na súa disposición final.

3º de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004,do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Provincia de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste acordo e do texto integrado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO**TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO DO CONCELLO DE COSPEITO.****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Configúrase o pagamento do servizo de auga como taxa, por cumprirse no feito impoñible as dúas condicións: a recepción obrigatoria para vivendas e locais en actividades que esixan o consumo de auga, e a non susceptibilidade de prestación do servizo pola iniciativa privada, por estar declarada a reserva deste servizo a favor dos concellos.

3. Constitúen o obxecto desta taxa os servizos reguladores na presente ordenanza, xa sexan prestados por medio de empresa concesionaria, xa directamente pola Administración municipal ou a través de servizo municipalizado.

4. É obrigatoria a aceptación do servizo municipal de auga e a realización da correspondente toma de acometida para os titulares dos edificios que disten en liña recta menos de 100 metros da rede de distribución do dito servizo, sempre que os edificios estean destinados a vivenda ou actividades de calquera tipo que esixan consumo de auga.

O Concello mediante a prestación do servizo non garante en ningún momento unha presión mínima en calquera punto da subministración. Para lograr este mínimo necesario, o usuario deberá realizar as instalacións correspondentes para mellorar a dita presión, de acordo co establecido na Orde do 7 de xuño de 1973: "Instalacións de fontanería "NTE/IFF". Nesta normativa contéplase a instalación de bombas que en ningún caso poderán estar conectadas á rede xeral, depósitos intermedios, baterías de contadores, etc., para un correcto funcionamento das instalacións. O habitáculo que conteña a batería de contadores terá que estar en todo momento iluminado, exento de sucidade e en perfectas condicións para ser revisado pola Inspección municipal, e con fácil acceso dende o portal.

O concello de Cospesito, por razón de sanidade e hixiene, declara o servizo de augas obrigatorio para toda clase de vivendas e para atender as instalacións sanitarias de todo xénero de establecementos comerciais ou industriais, tanto no núcleo urbano, como no rural, a onde chegue a rede de distribución.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR**1. FEITO IMPOÑIBLE.**

Está constituído pola utilización efectiva ou pola posibilidade de utilización do servizo de distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores, a petición do titular ou usuario dun inmovible ou, sen necesidade da dita petición, mediante resolución da Administración municipal, no suposto de utilización do servizo sen a oportuna autorización.

ARTIGO 3º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta ordenanza.

A alta no servizo implica a aceptación do pagamento do consumo mínimo trimestral establecido nesta ordenanza.

ARTIGO 4º. SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

a) Os propietarios ou os titulares das vivendas ou locais, poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo, conforme ó disposto no artigo 23.2 a) da Lei 25/1998.

b) Cando unha mesma unidade inmovible se compoña de varios locais será a comunidade de propietarios ou a entidade ou organismo que administre a dita unidade a obrigada ó pagamento da taxa, sen prexuízo de que poida repercutir sobre os beneficiarios o importe das cotas.

ARTIGO 5º. BASE DE GRAVAME

Determinase conforme á natureza do servizo concreto obxecto de gravame:

a) Subministración de auga: os metros cúbicos consumidos efectivamente ou, se é o caso, o mínimo legal de consumo.

b) Acometidas á rede de distribucións: O feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.

c) Inspección de contadores: por unidade.

ARTIGO 6º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A. CONSUMO.

Epígrafe a) Uso doméstico. Ó trimestre:

- Facturación igual ou inferior a 10 m³ : 7,11 €.

De 10 a 75 m ³	0,31 €/m ³
De 76 m ³ en adiante	0,55 €/m ³

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- Facturación igual ou inferior a 30 m³ 14,29 € .

De 30 a 75 m ³	0,37 €/m ³
De 76 m ³ a 100m ³	0,65 €/m ³
De 100m ³ en adiante	1,30€/m ³

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ao público, residencias colectivas e establecementos nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA B. INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez.	26,10 €
--	---------

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA C. ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local.	78,30 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local.	52,20 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local.	39,15 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

ARTIGO 7º. DEVENGO E COBRAMENTO DAS COTAS

1.Devengo:

1.a) Por consumo de auga.

1.a.1. As cotas terán carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado.

1.a.2. No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes prorrataranse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

1.b) Por outras actuacións ou subministracións:

1.b.1. Devénganse no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

2. Cobramento das cotas:

2.1. Cando se produza unha alta nova no servizo ou un cambio de titularidade nel, formalizada mediante o correspondente contrato de subministración, ingresarse a fianza regulada no artigo 12 desta ordenanza, e prorratarase a cota correspondente ó trimestre en curso, no caso de que o consumo non chegue ó mínimo,

por días naturais dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive. Noutro caso, facturarase polo consumo real.

2.2. Cando se produza a baixa no servizo, devolverase ó usuario a fianza regulada no artigo 12 desta ordenanza, trala comprobación da inexistencia de responsabilidade derivada do uso del e dos recibos pendentes de pagamento, prorrateándose a cota correspondente ó trimestre en curso, no caso de que o consumo non chegue ó mínimo, por días naturais dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive. Noutro caso, facturarase polo consumo real.

2.3. Nos casos en que se detecte ou comprobe polos lectores, a existencia de consumos de auga con anterioridade á formalización do preceptivo contrato de subministro, procederase a xirar unha liquidación polo importe dos mínimos establecidos, -segundo o uso doméstico ou industrial-, dende que se teña coñecemento da existencia de consumo de auga ata a data de formalización do contrato, sempre dentro do prazo de prescripción legalmente establecido.

No caso de que o consumo excedese do consumo mínimo, a diferenza xirarase no seguinte recibo.

A alta no servizo implica a aceptación do pagamento do consumo mínimo trimestral establecido nesta ordenanza.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

1. As cotas periódicas resultantes da aplicación de taxas polo consumo de auga serán obxecto de liquidación nun documento cobratorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de saneamentos e de recollida domiciliaria de lixo.

2. As tres exaccións sinaladas no punto 1 deste artigo serán cobradas conxuntamente nun recibo único, con especificación de conceptos, polo sistema que estableza o Concello,

3. As cotas que correspondan ós epígrafes das tarifas B) e C) serán obxecto de liquidacións individuais e ingresadas segundo as normas aplicables á exacción obxecto de ingreso directo.

4. As reclamacións sobre a liquidación de cotas por erros de cálculo ou outros motivos efectuaranse por escrito ante o servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñen o erro ou omisión.

5. As cotas conxuntas de auga, recollida de lixo e rede de saneamentos, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasarase ó cobro en vía de constrinximento. Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga, cando esta previsión estea contemplado no contrato de subministración.

ARTIGO 9º. EXENCIÓNS TRIBUTARIAS.

Estarán exentos as persoas cuns ingresos familiares que non acaden o salario mínimo interprofesional e se atopen en situación de necesidade, previo informe valorado dos servizos sociais do concello.

ARTIGO 10º. NORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS

Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural ou xurídica capacitada legalmente para contratar, á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

ARTIGO 11º. ALTAS

1. A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta e subscripción da póliza de abono, na que o interesado declarará nome, apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF, fin e uso ó que se destinará a auga, establecemento ou predio, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretende e a concesión e instalación del. Presentarase coa documentación complementaria, e será cursada á oficina do servizo.

2. As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario de cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

3. O contrato da subministración terá unha duración indefinida ata que sexa formulada a baixa correspondente na Oficina de Augas.

ARTIGO 12º. CONSTITUCIÓN FIANZA

1. Simultaneamente ás peticións de alta deberá o interesado constituír o depósito-fianza de 60,00 €, como garantía do pagamento da subministración e da responsabilidade do uso do servizo.

2. A Administración municipal, estimando por si a importancia e características dos aproveitamentos que se concedan, poderá esixir maior depósito do que se expresa anteriormente mediante resolución razoada.

3. Exclúense desta obriga os casos de subrogación por falecemento do titular da póliza de abono, nos que o herdeiro ou legatario suceda ó causante na propiedade ou uso da vivenda ou local onde se realice a subministración e, consecuentemente, asumirá os dereitos e obrigacións derivados do contrato de

subministración, incluído o pagamento ó Concello das débedas pendentes que tivera o causante, derivadas da utilización do servizo.

ARTIGO 13º. PROCEDEMENTO DE AUTORIZACION

1. Os peticionarios do servizo de abastecemento da auga, terán que presentar, aos efectos de autorización da prestación do subministro:

-Solicitude para o entronque á rede xeral de abastecemento de auga.

- Deberán achegar copia do DNI e no caso de arrendamento, contrato de arrendamento.

- Para os locais nos que se realicen actividades económicas, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida

-Modelo suministrado polo concello de xustificación da constitución da fianza.

2. Realizadas as obras de entronque a prestación do servizo de subministración de auga será formalizada a través do contrato de subministro.

3. a eficacia do contrato quedará condicionada á presentación polo particular de Boletín de Instalacións de Auga selado pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

ARTIGO 14º. ACOMETIDAS E OUTRAS INSTALACIÓNS

1. A concesión de nova toma ou acometida á rede farase mediante solicitude dos interesados, aprobado por decreto do Alcalde, tralo informe e liquidación de taxas polo servizo, informado por Intervención e aprobada tamén pola Autoridade municipal.

2. As peticións, que han de ser individuais, é dicir, unha por cada toma ou acometida, formularanse en impresos que se facilitarán na oficina correspondente do servizo.

3. unha toma ou acometida servirá só para o predio para o que fose pedido, sen que se permita estendela a varias, aínda estando contiguas e pertencendo ó mesmo dono, agás conveniencias de distribución para o servizo, neste caso faríase a derivación fóra do predio primitivo.

4. se por venda ou outra causa se dividise a propiedade, os novos propietarios estarán obrigados a executar tomas independentes para cada unidade obxecto da división.

ARTIGO 15º CONTINUIDADE NA CONDICIÓ DE SUXEITO PASIVO

O abonado continuará posuíndo a condición de suxeito pasivo (contribuínte) da taxa pola subministración de auga potable mentres non presente a baixa correspondente na administración do servizo e, polo tanto, non se cortase a auga, aínda que, por calquera circunstancia, deixe de utilizar o servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufrutuário das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderá acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpriu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufrutuário, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abandonados os inmobles polos arrendatarios ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarlle ó Concello calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

ARTIGO 16 º.COMUNICACIÓN A ADMINISTRACION

Cando os abonados pechen os seus domicilios por dous meses ou máis, deberán dar coñecemento anticipado disto á Administración, para aplicarlle o mínimo obrigatorio, e deberán, ademais, declarar o domicilio e persoa a quen han de ser presentados os recibos ó cobro ou coa cal se pode poñer en contacto o Concello por calquera problema do funcionamento do servizo de augas.

No caso de imposibilidade de lectura do contador por encontrarse pechado o acceso a este durante dous trimestres consecutivos, e en defensa e garantía do funcionamento do servizo público, practicarase notificación persoal ó interesado, con apercibimento do corte da subministración e sen prexuízo doutras responsabilidades esixidas.

ARTIGO 17º. INSPECCIÓN S ACOMETIDAS

1. Todos os traballos de acometidas ata conexión coa rede xeral, serán dirixidos e inspeccionados por persoal do Servizo de Augas, que coidara que as obras realizadas, pezas de toma, chaves, arquetas e demais material empregado na execución das ditas acometidas cumpran con todas as esixencias de bo funcionamento do servizo e normas establecidas para cada caso.

2. A conservación destas acometidas en perfecto estado de funcionamento e as reparacións a que procedese serán por conta do propietario do predio abastecido.

No caso de avaría na acometida, fíxase un prazo de cinco días para a súa reparación polo usuario unha vez notificada polo Servizo de Augas. Se transcorrido este prazo a avaría non fose reparada, procederase polo servizo á súa reparación pasando ó usuario o cargo correspondente.

ARTIGO 18º. RESPONSABILIDADE

As instalacións interiores dos predios serán efectuadas por persoal alleo ó Concello, quedando responsables os propietarios delas dos danos e perdas que poida producir ou ocasionar, por calquera causa, o establecemento ou existencia das súas instalacións de auga.

ARTIGO 19º. INSTALACIÓN CONTADORES

1. Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas, cos intervalos que estime convenientes a Administración, tanto baixo o punto de vista de inspección, como do de cobramento e, en todo caso, polo menos cada tres meses.

2. Os contadores instalaranse sempre fóra da vivenda ou da industria nun lugar facilmente accesible e ben iluminado, non máis baixos de 0,50 m nin máis altos de 1,50 m. No caso de que o local tivera porta, esta estará equipada con pechadura que permita o uso de chave universal.

3. Nos predios que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios abonados, faranse as instalacións individuais a cada unha delas, de forma que os contadores poidan colocarse en armarios axeitados e todos xuntos, en batería, con espazo suficiente para a súa colocación ou substitución, sen que en ningún caso quede en dobre fila (anterior e posterior), con acceso directo dende a rúa, adicado exclusivamente ós contadores e cumprindo, en todo caso, o establecido no punto 1. Ningún contador, aínda os que midan subministracións para servizos comunitarios (auga quente, etc.) se poderá instalar fóra de escuadra xeral.

4. Nas vivendas unifamiliares instalarase o contador no exterior do cerramento do predio, de xeito que non sexa necesario acceder ó interior da propiedade e cumprindo o establecido no punto 1. Non se poderá en ningún caso instalar o contador en arquetas soterradas, e coidarase que estea defendido contra as xeadas.

Sen cumprir estas estipulacións non se poderá causar alta na subministración nin facer uso dela.

5. O Concello esixirá ós abonados que instalen pola súa conta contador, sen que ningún abonado poida estar exento da súa instalación, coa correspondente sanción para o caso de incumprimento.

6. A Administración municipal resérvase o dereito de comprobar cando o considere oportuno todo aparello-contador do que se estime que o seu funcionamento é dubidoso.

7. Os precintos colocados nos contadores pola Xefatura de Industria ou polo Concello non poderán ser alterados baixo ningún pretexto polos abonados. Se por calquera accidente se romperá algún deles, está obrigado a comunicalo de inmediato para proceder á súa reparación.

ARTIGO 20. MANTENEMENTO CONTADORES E CHAVES DE PASO

1. O propietario do predio ou o concesionario ou abonado, se é o caso, faise responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparellos-contador. Demostrada a súa negligencia no cumprimento destas normas, así como o abandono das instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, por rotura deles, cisternas deterioradas, etc., privaráselle da subministración de auga mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

2. Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador será facturada ó abonado de acordo coas tarifas correspondentes.

ARTIGO 21 REVISIÓN DAS INSTALACIÓNS

1. Todo concesionario ou abonado queda obrigado a permitir que a calquera hora hábil do día sexa visitada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste cometido, sen opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen procedentes.

2. Os empregados expresados anteriormente, e que se considerarán sempre autorizados polos donos ou inquilinos dos predios para entrar neles, coidarán de facer constar a data na que estas inspeccións teñan lugar, así como o resultado do seu recoñecemento, que deberán dar inmediatamente coñecemento á administración do servizo, para os efectos conseguintes.

3. A negativa dos interesados a autorizar estas revisións será causa suficiente para a retirada do servizo de auga, sen dereito a reclamación ningunha.

ARTIGO 22 PROHIBICIÓNS

1. Agás no caso de incendios, que se dará coñecemento ó Servizo de Augas dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro, baixo ningún pretexto poderán os abonados ou representantes:

a) Empregar a auga para os usos distintos dos estipulados na póliza de abono.

- b) Vender ou ceder a auga que lle subministre o Concello, en favor de terceiros.
 - c) Deixar correr a auga sen necesidade.
 - d) Abrir nin facer uso dos rexistros que encerran os aparellos de toma, claves de paso, aforamentos ou outros servizos.
 - e) Establecer ningún ramal entre a toma e o aparello que verifique o aforamento, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.
 - f) Utilizar augas das fontes públicas para usos industriais ou domésticos, onde exista rede de abastecemento.
2. A contravención de calquera destes puntos dará lugar á imposición de multas pola Alcaldía, aténdose á gravidade e importancia da falta, e sen prexuízo de poder retirar temporal ou definitivamente o servizo.

ARTIGO 23º SUSPENSIÓN E CORTE DO SERVIZO

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas en período voluntario ou ós dous meses de iniciarse o procedemento executivo darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, de estar previsto no contrato de subministro, con baixa do interesado como abonado, quedando este inhabilitado para renovar a concesión ata tanto non pague a súa débeda tributaria, e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

O municipio non se fai responsable por interrupcións involuntarias do servizo de abastecemento de augas, e, no caso de escaseza por calquera motivo, resérvase o dereito de suspendelo nas zonas que máis conveña, ou en toda a poboación, en determinadas horas, subordinando, en todo caso, os demais consumos ó dos servizos públicos.

Toda interrupción do servizo imputable directa ou indirectamente ó abonado non será obxecto de desconto ningún, calquera que fose a súa duración.

ARTIGO 24º INFRACCIÓN, DEFRAUDACIÓN E SANCIÓN

1. Estarase, en xeral, ás normas sobre o particular contidas na Lei Xeral Tributaria.
2. Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos á xestión do servizo.
3. Ninguén poderá empregar a auga sen ter subscrito o contrato.
4. Sen prexuízo do disposto na Lei Xeral Tributaria, considerarase infraccións leves as seguintes:
 - 1) Uso da auga sen ter subscrito o contrato de subministro de auga formalizado polo concello
 - 2) Uso industrial da auga cando o servizo contratado fose uso doméstico.
5. igualmente incorrerán en sanción, que se graduará pola importancia e circunstancias de cada caso, os particulares, entidades, empresas e sociedades que cometan actos, omisións e inexactitudes que tendan a minorar ou eludir o pagamento das taxas correspondentes, utilizando sen embargo fraudulenta e artificialmente os servizos e instalacións municipais, sen prexuízo de esixírselle a efectividade das cotas defraudadas ou minoradas.

ARTIGO 25º SANCIÓN

A infracción tipificada no punto 4.1 e 4.2 do artigo anterior: dará lugar o cobramento da cota, no trimestre en que sexa detectado, aplicando a tarifa que procede e unha multa de 60,10€ con corte da subministración.

A imposición da sanción administrativa antes referida non excluírá a esixencia doutras responsabilidades civil e penal que puideran ser de aplicación.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Poderase proceder ó corte da subministración da auga cando existan indicios de anormal funcionamento ou de vertidos ou perdas de auga que prexudiquen ou afecten ó funcionamento do servizo, ou cando non fixesen efectivo o pagamento de 2 trimestres. Neste caso requirirase o pagamento dentro do prazo de DEZ DÍAS, con advertencia de que, de non facerse así, se cortará a subministración.

No suposto de reiteración de infraccións do artigo 8º, ou pola obstaculización á lectura do contador, a que fai referencia o artigo 5º, darase conta ó xulgado por desobediencia ou obstaculización do funcionamento dun servizo público.

Para o non previsto nesta ordenanza teranse en conta as disposicións da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDLex 2/2004 TRLRFL), así como as do regulamento do servizo de augas que poida aprobar o Concello, en todo o que non se refira propiamente a materia fiscal, e demais disposicións concordantes.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do servizo municipal de subministro de auga potable a domicilio do Concello de Cospeito publicada no BOP número 300, de 31 de decembro de 2007.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno de Cospeito, entrará en vigor o primeiro día natural do trimestre seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Derroga a anterior e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cospeito, 31 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0321

*Anuncio***ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVO DO ACORDO PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DE COSPEITO**

1º Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de rede de sumidoiros do concello de Cospeito, adoptado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 1 de decembro de 2023, e non sendo presentada, dentro do mesmo, reclamación algunha, elévase a definitivo dito Acordo de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2º o Acordo de modificación da referida Ordenanza que se recolle no texto anexo publicarase no Boletín oficial da Provincia, e entrará en vigor de acordo co establecido na súa disposición final.

3º de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Provincia de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste acordo e do texto integrado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO**TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS****ARTIGO 1º. FUNDAMENTO Y NATURALEZA**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o concello de Cospeito establece a taxa de rede de sumidoiros, que se rexera pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de rede de sumidoiros municipal.

2. non estarán suxeitas a taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

- Cando se trate da concesión de licenza da acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- No caso da prestación de servizos do número 1.b do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termino municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera cal sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso teñen a consideración de suxeito pasivo substituto o ocupante ou usuario das vivendas ou locais .O propietario distes inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refire o artigo 42 da lei 58/2003 Xeral Tributaria.
2. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 43 da lei 58/2003 Xeral Tributaria

ARTIGO 5º COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria correspondente a concesión de licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixírase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 30€.
2. a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo de rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metro cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

Por rede de sumidoiros, cada m3 0.08€

3. En ningún caso pode tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima exixible

ARTIGO 6 EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

ARTIGO 7º DEVENGO

1.- devengase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se teña obtido ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización .

2.- os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada as rúas, prazas ou vías públicas nos que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros , e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

ARTIGO 8 DECLARACIÓN , LIQUIDACIÓN E INGRESO

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2.- as cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro de consumo de auga.

3.- no suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude aos servizos tributarios deste concello , unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do servizo municipal de rede de sumidoiros do Concello de Cospeito do 27.09.1989.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno de Cospeito, entrará en vigor o primeiro día natural do trimestre seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Derroga á anterior e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cospeito, 31 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0322

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS CON ACCESO DIRECTO A VÍA PÚBLICA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía do 29/05/2019 aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios con acceso directo a vía pública correspondente ao exercicio 2023, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

(...)

“PRIMEIRO. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo na vía pública correspondente ao ano 2023, e as liquidacións que o compoñen, de acordo co seguinte resume:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2023	Taxas caixeiros	1 438,00	0 0,00	1 438,00

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(...)

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigo 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Santander	ES4400306297210000086271
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do

Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 31 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0323

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día tres de xaneiro de dous mil vinte e catro, aprobou inicialmente o "Proyecto Básico y de Ejecución (proyecto de obras ordinarias) para obras de mellora de accesibilidade na rúa Río Narla, 50", promovido pola Comunidade Propietarios Rúa Río Narla 50.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 15 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa. P.D. A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos (Decreto 5756/2023, de 21 de junio), dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0324

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 34/2024, de data 2 de febreiro de 2024 se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2024, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 2 de febreiro ao 2 de abril de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 2 de febreiro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0325

PARADELA

Anuncio

MODIFICACIÓN DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS

O concello pleno, en sesión ordinaria celebrada en data trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e catro, adoptou os seguintes acordos:

MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

- Presidenta: a Alcaldesa, D^a. María Montserrat Mulet Sar

- Membros: os Tenentes de Alcalde:

- a) Primeiro Tenente de Alcalde: José Manuel Mato Díaz
- b) Segundo Tenente de Alcalde: Jesús Pablo López González
- c) Terceira Tenente de Alcalde: Ana Belén López Álvarez

MODIFICACIÓNS DAS DELEGACIÓNS:

- Dona Montserrat Mulet Sar: Alcaldesa do Concello e Delegada de servizos sociais, sanidade e consumo.
- Don José Manuel Mato Díaz: Delegado da área de obras e infraestruturas.
- Don Jesús Pablo López González: Delegado de transformación e desenvolvemento agrogandeiro, desenrolo do medio rural e medio ambiente.
- Dona Ana Belén López Álvarez: Delegada de Promoción de emprego, formación, cultura e novas tecnoloxías.
- Don Hugo Pérez López: Delegado de xuventude e deportes..

Paradela, 2 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, M^a. Montserrat Mulet Sar.

R. 0326

Anuncio

MODIFICACIÓN NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Dando cumprimento ó disposto no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se presta aprobación ó Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse publicidade á Resolución da Alcaldía de 26 de xaneiro de 2024, de modificación de nomeamento de Tenentes de Alcalde:

“DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

DONA MARÍA MONTSERRAT MULET SAR // En Paradela, na data da sinatura

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 23 de xullo de 2023 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión celebrada en data 17 de xullo de 2023, de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o Decreto de Alcaldía nº 126/2023, resolveu en data 11 de xullo sobre o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, no caso de ser ésta aprobada polo Pleno do Concello. O Pleno do Concello aprobou a súa existencia por acordo adoptado en sesión de data 17 de xullo de 2023. O antedito Decreto publicouse no BOP nº 175 de 01 de agosto de 2023.

Mediante escrito con R.X. nº 2024-E-RC-36, en data 28 de febreiro, D. José Manuel Mato Díaz, renuncia ao cargo de Alcalde do Concello de Paradela mantendo a súa condición de concelleiro do grupo municipal do Partido Popular. Despois de que o Pleno tomara coñecemento da mesma en sesión de data 12 de xaneiro de 2023, tomei posesión como nova alcaldesa en sesión plenaria celebrada en data 19 de xaneiro de 2023.

*De conformidade co establecido nos artigos 21.3º e 23.1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL); 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) e 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), por medio da presente **RESOLVO**:*

PRIMEIRO.- Nomear Primeiro Tenente de Alcalde a D. José Manuel Mato Díaz, mantendo en todo o demais, o resolto pola Alcaldía – Presidencia, mediante Decreto núm. 126/2023, de data 11 de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte á data da presente resolución.

Así o mandou a Sra. Alcaldesa – Presidenta, do que eu, como Secretaria, certifico”.

Paradela, 02 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, M^a. Montserrat Mulet Sar.

R. 0327

VILALBA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2024, o orzamento xeral do Concello de Vilalba e o seu organismo autónomo para o exercicio 2024 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Leireguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo

20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOPde Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Vilalba, 2 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0328